



REVISTA GALEGO-PORTUGUESA DE
PSICOLOXÍA E EDUCACIÓN
Nº 1 (Vol. 1) Ano 1º-1997 ISSN: 1138-1663

EDITORIAL

UNHA NOVA XEIRA: A REVISTA GALEGO-PORTUGUESA DE PSICOLOXÍA E EDUCACIÓN

Alfonso Barca Lozano
Universidade da Coruña

Coincidindo coa celebración do **III CONGRESO GALEGO-PORTUGUES DE PSICOPE-DAGOXÍA** que ten lugar este ano 1997 na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña, sae do prelo a nova **REVISTA GALEGO/PORTUGUESA DE PSICOLOGXÍA E EDUCACIÓN**. Dous obxectivos craros acádanse con esta nova publicación que nace: ser un verdadeiro crisol de recolleita e espallamento de traballos científicos distribuídos nas diferentes Seccións das que consta, preferentemente dende os ámbitos da Psicoloxía e da Educación galegos e portugueses así como de todos aqueles que amosen especiais inquedanzas nestas áreas e que proveñan en castelán, tanto do resto do Estado como de outras áreas xeográficas en lingua inglesa. Por outra banda, preténdese que sexa un medio de comunicación entre os diferentes profesionais da Psicoloxía e da Educación para dar a coñecer as experiencias e traballos que se están levando a cabo nas prácticas profesionais de Galicia e Portugal.

Trátase, en definitiva, de xuntar esforzos e obxectivos, en certo modo comúns, e que queremos se plasmen nunha publicación científica que vertebre os aspectos fundamentais dos traballos que se levan a cabo, tanto nas diferentes Universidades de Galicia como de Portugal e, ó mesmo tempo, seremos moi sensibles e receptivos a todo tipo de aportacións que proveñan, para a súa publicación nas diferentes Seccións de que consta a Revista: Estudos, Investigación, Experiencias psicoeducativas, etc. que se demande dende o eido profesional e que aporten innovacións, experiencias e todo tipo de informacións que potencien a interacción entre os profesionais da Psicoloxía e da Educación.

Profesoras e profesores das tres Universidades galegas (A Coruña, Santiago e Vigo), das Universidades de Minho (Braga), Porto, Coimbra, Técnica de Lisboa, Aveiro, Évora, Chaves, así como do resto do Estado español son as que integran o Consello Editorial e o Científico Asesor. Agradecemos fondamente a todos estas profesoras/es a súa colaboración desinteresada e moi entusiasta co inicio deste proxecto que terá sempre unha continuidade, sobre todo pensando na plena colaboración das Universidades portuguesas coas galegas.

Tamén quero facer unha especial mención á Universidade de Porto Rico (Campus de Río Piedras e Ponce) nas persoas dos seus profesores Dres. Angel Villarini e José Ramón Villalón polo apoio prestado a este proxecto e no que participarán dunha maneira activa e constante.

A REVISTA GALEGO-PORTUGUESA DE PSICOLOXÍA E EDUCACIÓN seguirá a partir deste número toda a normativa APA para a inclusión de traballos científicos nas súas diferentes Seccións de que consta. Nesta liña contamos, aparte do Consello Científico Asesor, con un Equipo de Profesores e Profesoras Avaliadores Externos que farán todo o traballo de avaliación e, no seu caso, corrección dos manuscritos orixinais que se reciban. Tamén agradecemos fondamente toda a súa colaboración e apoio a este proxecto.

Desexo facer unha referencia moi especial a tódolos membros que integran o **Consello Editorial** xa que son ós que van a estar máis preto de todas aquelas áreas que atinxen á elaboración física, formal e científica desta Revista e, por eso, sentímonos máis arroupados e asesorados, tanto o Director xeral como o Director e Directora asociados. A súa presenza será fundamental para os responsables directos desta publicación á que desexamos e, seguro terá, unha longa vida. O esforzo e a ilusión non faltarán.

Neste primeiro número incluímos tódolos traballos científicos (**ACTAS**) que se recibiron na Sede do **III CONGRESO GALEGO-PORTUGUES DE PSICOPEDAGOXIA** e que o Comité Científico do mesmo foi avaliando e seleccionando para a súa publicación. Trátase de diferentes traballos de investigación, estudos e diversas experiencias que responden ó Programa inicial deste Congreso e que ise integran nas Mesas de Comunicacións, Posters e Simposios de que consta. Neste sentido teño que agradecer moi especialmente ó Comité Científico do **III CONGRESO GALEGO-PORTUGUES DE PSICOPEDAGOXÍA** tódolos esforzos e traballos realizados, sobre todo contando sempre *co factor tempo* e que, nestas casos, hai que te-lo inevitablemente en conta para que teñan cabida nestas **ACTAS** a maior parte dos traballos que se presentan nas diferentes áreas de que consta o Congreso.

A tódolos/as Congresistas asistentes e participantes neste CONGRESO queremos agradecerlle a súa presenza nos Actos Científicos pola súa activa colaboración. A tódolos Ponentes nas diferentes Mesas, ós Conferenciantes a pleno, ós/ás Participantes en Posters e Simposios queremos agradecerlle moi especialmente toda a colaboración pola comunicación de experiencias científicas que espallaron ás cincocentas persoas que nesta edición do **III CONGRESO GALEGO-PORTUGUES DE PSICOPEDAGOXÍA** coincidimos nesta cita da Universidade da Coruña e que consideramos moi importante para o mellor desenvolvemento da Psicopedagogía e para plantexar ás administracións educativas autonómicas e locais unha sustancia mellora na implantación dos Servicios de Psicopedagogía en Galicia. Esperamos que a cuarta edición deste Congreso teña unha continuidade nalgunha Universidade Portuguesa que así o demande e que faga de fío conductor tendo sempre como norte a mellora das condicións psicoeducativas nos diferentes niveis da ensinanza en ambolos dous países.

A tódolos/as congresistas, especialmente ós compañeiros e compañeiras portugueses, presentes no **III CONGRESO GALEGO-PORTUGUES DE PSICOPEDAGOXIA**, desexámoslle unha moi satisfactoria presenza e estancia na cidade da Coruña, en Galicia, e agradecemoslle as súas aportacións e colaboracións que en todo momento prestaron para a realización deste Congreso.

A Coruña, Setembro, 1997